

**I CARREIRA PEDESTRE CONCELLO  
DE CAMARIÑAS  
4 de marzo de 2012**

SAÍDA E META: PLAZA DO CONCELLO

**INSCRICIÓNS PARA A CARREIRA DE 10 QM**

Pola web en [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) ata o o 29 de Febreiro

Os datos obrigatorios nas inscricións son NIF con letra, nome e apelidos, data de nacemento completa, localidade, provincia, e-mail de contacto, teléfono de contacto, nome do clube (se o ten) e tamén se é veciñ@ do Concello de Camariñas

**INSCRICIÓN RESTO DE CARREIRAS**

**CATEGORÍA PITUFO (2003, 2004, 2005), alevín (2001 e 2002), infantil (1999 e 2000) e cadete e xuvenil (1997, 1998, 1996, 1995) AS INSCRICIÓNS ENTREGARANSE NAS CONSERXERÍAS DOS CENTROS EDUCATIVOS DE CAMARIÑAS OU REALIZARANSE PRESENCIALMENTE NO CONCELLO DE CAMARIÑAS (PARA OS QUE NON ESTUDEN NOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO) OU NO email: [fran.puga@camarinas.dicoruna.es](mailto:fran.puga@camarinas.dicoruna.es) PARA TOD@S (descargánda da páxina do Concello a autorización paterna [http://www.camarinas.net/web/noticia.php?id\\_seccionweb=108&id\\_noticia=227](http://www.camarinas.net/web/noticia.php?id_seccionweb=108&id_noticia=227))**

**NON LEVARÁN CHIP.**

Os datos obrigatorios nas inscricións son NIF con letra (cadete e xuvenil), nome e apelidos, data de nacemento completa, localidade, provincia, e-mail de contacto, teléfono de contacto, nome do clube (se o ten) e tamén se é veciñ@ do Concello de Camariñas.

**NOTA IMPORTANTE**

As inscricións estarán limitadas a 300 participantes en adultos.

A inscrición ten un custe de 1€ para @s participantes de 18 (que cumbran 18 anos neste ano) ou máis anos. O pago tense exclusivamente que facer a través da web de championchipnorte.

**TODOS @S MENORES A SÚA INSCRICIÓN SERÁN CON PERMISO PATERNO.**

**MÁIS INFORMACIÓN**

[fran.puga@camarinas.dicoruna.es](mailto:fran.puga@camarinas.dicoruna.es)

981-736000

[www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)

**HORARIOS**

10´00 horas: saída carreira Xuvenil e Cadete

10´45 horas: saída carreira Infantil

11´15horas: saída carreira Alevín

11´45horas: saída carreira Pitufos

12:00 horas: saída da carreira Adultos

13:45 horas: Entrega de trofeos

## **REGULAMENTO XERAL**

1. A saída e a meta estarán situadas na Praza do Concello (Plaza de Insuela). O tempo máximo de duración da proba 10Qm será de 1 hora 20min.

2. A entrega de dorsais e chips para a carreira de 10qm, farase dende as 9:00 horas ata media hora antes de iniciar a proba. Calquer corredor-a con problemas médicos (alerxia, atencións especiais,...) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.

3. A entrega de dorsais no caso das categorías inferiores será nos centros educativos d@s nen@s que estuden en Camariñas e no Concello para o resto, antes do mércores da semana que se correrá.

4. Todos os participantes inscritos estarán amparados por una póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil concertada por o Concello de Camariñas. Estarán excluídos os derivados dun padecemento latente, imprudencia, negligencia, inobservancia das leis,... Tamén quedarán excluídos os producidos por desplazamentos a/o dende o lugar no que se desenvolve a proba.

5. Toda persoa que corra sen estar inscrita, faráo baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.

6. O percorrido será de 300 m para a categoría Pitufos, de 800m para categoría alevín, 1qm para categoría infantil, 2 qm para categoría cadete e xuvenil e de 10 qm (aprox) para as restantes categorías. A saída serán:

10'00 horas: saída carreira Cadete-Xuvenil

10'45 horas: saída carreira Infantil

11'15horas: saída carreira Alevín

11'45horas: saída carreira Pitufos

12:00 horas: saída da carreira Adultos

7. A calificación será absoluta e por categorías. Os trofeos son acumulables.

8. A organización contará coa **colaboración de organismos municipais competentes, que regularán o tráfico ao longo de todo o percorrido.**

9. Todo corredor-a que chegue á meta sen dorsal ou o chip, será descalificado. Tamén deberán devolver o chip ao finalizar a proba para optar aos obsequios.

10. O percorrido estará sinalado cada qm. Existirá 1 posto de avituallamiento, aproximadamente no quilómetro 5, máis o especial de meta.

11. A carreira estará controlada mediante cronometraxe electrónico pola empresa CHAMPIONCHIP.

12. As inscricións estarán limitadas a 300 participantes en adultos.

13. Establécense os seguintes premios:

- Trofeo aos 3 primeiros calificados en absolutos tanto masculino como feminino.
- Trofeo aos 3 primeir@s calificad@s en cada categoría masc e fem.
- Trofeo ao mellor calificado e calificada empadronad@s no Concello de Camariñas.
- Camiseta para tod@s participantes da carreira de 10qm que rematen a proba e entreguen o chip no caso de non ser de propiedade do corredor-a.
- Medalla para tod@s @s pituf@s e alevíns participantes.
- Sortearanse agasallos.

14. Establécense as seguintes categorías:

- A) Alevín: 2001 2002 (800m 11´15h) Percorrido: Praza do Concello ata Bolboreta e volta  
B) Infantil: 1999 e 2000 (1qm 10´45h) Percorrido: Praza do Concello ata a rotonda e volta  
C) Cadete 1997 e 1998 e Xuvenil1995-1996: (2qm 10´00h) Percorrido: Praza do Concello ata a rotonda e volta 2 voltas.  
D) Pituf@s: 2003, 2004, 2005 (300 m 11´45). San Remo a Praza do Concello.

E) Absoluta

F) Junior-promesa: 1990 a 1994.

G) Senior: 1989 ata veterán.

Distancia a percorrer: 10.000m

H) Veterán A: de 35 a 40 anos.

Saída ás 12:00 horas

I) Veterán B: de 41 a 49 anos.

L) Veterán C: de 50-59 anos.

M) Veterán D: de 60-65 anos

N) Veterán E: 66 ou máis anos.

#### **IDADE O DÍA DA CARREIRA.**

15. Debido ao carácter estritamente deportivo e popular da proba non se admitirán reclamacións. A participación é libre e leva implícito a aceptación do Regulamento Xeral da proba. O Concello de Camariñas, así como a Comisión Organizadora non se farán responsables dos danos físicos, morais ou materiais que ocasione a participación nesta carreira. O non recollido no mesmo resolverase segundo o criterio da comisión organizadora, sendo as súas decisións inapelables.

16. Todos os participantes, polo feito de tomar a saída na Carreira, aceptan o presente Regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, estarase ao que dispoña o Comité Organizador.

17. A Organización porá a disposición dos participantes da carreira de 10qm dous lugares onde poderse cambiar, **pero se lles informa que non hai servizo de garda roupa**. Os lugares son o Pavillón municipal (dispoñible tamén para ducharse despois de correr a 7´andando da saída) e o Centro Cultural “Casa de Pedra”.

18. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización.


## 19. Descalificacións:

- a) O servizo médico da competición están facultados para retirar durante a proba a calquer atleta que manifieste un mal estado físico.
- b) Todo atleta que non realice o percorrido completo.
- c) Todo atleta que no leve visible o dorsal ou que dobre o mesmo.
- d) O atleta que manifieste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a Organización.

20. A Organización porá a disposición dos participantes da carreira de 10qm un Servizo de fisioterapia en colaboración co Colexio Oficial de Galicia de Fisioterapeutas.

## 21. Percorridos:

10.000m



- A) Alevín: 2001 2002 (800m 11´15h) Percorrido: Praza do Concello ata Bolboreta e volta.
- B) Infantil: 1999 e 2000 (1qm 10´45h) Percorrido: Praza do Concello ata a rotonda e volta.
- C) Cadete 1997 e 1998 e Xuvenil1995-1996: (2qm 10´00h) Percorrido: Praza do Concello ata a rotonda e volta 2 voltas.
- D) Pituf@s: 2003, 2004, 2005 (300 m 11´45). San Remo a Praza do Concello.

Todos @s atletas están obrigados a circular polo carril dereito xa que a carreira discorre con tráfico aberto polo outro carril nunha zona detrmnada e poderán ser retirados da carreira polas autoridades de tráfico se non o fan dese xeito.

**A Organización desta carreira aproveita a ocasión para agradecer a súa participación.**